



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 655



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA POLÍTICA SOCIAL E O INSTITUTO GALEGO DO TRANSTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HEPERACTIVIDADES E TRANSTORNOS ASOCIADOS (INGADA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ASOSORAMENTO ÁS FAMILIAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar co INGADA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería de Política Social e o mencionada Instituto para o desenvolvemento dun programa de asesoramento ás familias con membros con trastornos por déficit de atención e hiperactividades (TDAH) e trastornos asociados.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración para contribuír ao financiamento do desenvolvemento dun programa de asesoramento ás ditas familias , que ten como facilitar un diagnóstico precoz, unha intervención temperá tanto na parte educativa como





na médica cun estreito contacto coas entidade educativas do menor para acadar unha mellora da estabilidade familiar. O carácter singular deste instrumento sen convocatoria pública xustifícase na exclusión da concorrència pois a devandita entidade é a única que desenvolve un proxecto integral de asesoramento para estas familias na comarca de Ferrol, resultando que a especificidade das actuacións para levar a cabo o dito proxecto fai que non sexa posible promover a concorrència dunha subvención para tal fin.

O INGADA é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, que ten entre as súas funcións o asesoramento e apoio ás familias con membros con TDAH e trastornos asociados para que poidan desenvolver adecuadamente as súas labores educativas, socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social artellando programas de carácter preventivo que contribúen a modificacións de conductas non desexadas e a adquisición de pautas saudables para a dinámica destas familias, colectivo dentro do ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de agosto de 2017

